

ITC MÉNSULA, S.L.L.



O reto é converter unha idea ou un saber técnico nunha empresa. "

Roberto Carlos Rodríguez Sueiro

Datos básicos

Actividade:	Consultoría en planificación y xestión turística
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	6
Inversión inicial	3.005 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con aportacións dos socios.
Web:	www.itcmensula.com
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	1999

Descrición do proxecto

ITC.Ménsula é unha sociedade especializada no desenvolvemento de destinos turísticos emerxentes, tanto urbanos coma rurais. Os principais campos de traballo son:

- Planificación turística integral. Deseño de estratexias de desenvolvemento e crecemento dos destinos.
- Xestión de produtos e destinos. Viabilidade técnica e económica das actuacións en turismo.
- Comercialización turística. Negociación para a creación de oferta e acceso a mercados.
- Equipamentos turísticos e exposicións.



Datos empresa

Claves do éxito

A clave do éxito da empresa foi comprender as múltiples variables que configuran a viabilidade dun investimento turístico. Son moitos os condicionantes que ten cada territorio para saír adiante (recursos turísticos, capacidade de xestión, posibilidades financeiras) e tamén as imposicións dos mercados. A creatividade e pragmatismo das propostas son, pois fundamentais. Tamén a capacidade de abordar todo o proceso turístico e de dar resposta en todos os momentos do mesmo (planificación, financiamento, implantación, xestión, etc.) son unha marca diferencial.

Situación actual

ITC.Ménsula consolidouse como referente en medios da xestión turística. A clave para o seu crecemento está na capacidade de formar equipos axeitados para responder a cada encargo.

Perfil cliente

O noso perfil de cliente maioritario está constituído pola Administración Pública da área de turismo e cultura.



Idea inicial

A idea xorde a partir dos estudos universitarios. Tivemos contactos con xente que traballaba na xestión do patrimonio cultural e por aí xurdiron as nosas primeiras experiencias laborais. En pouco tempo, vimos a oportunidade de constituírnos en empresa independente.

Co tempo, fomos dirixíndonos ao campo do turismo, por ser un dos medios máis importantes de relación entre o patrimonio e as persoas. Isto supuxo incorporar novos coñecementos e ferramentas de traballo: xestión económica e análise de viabilidade, estudos de mercado, creación de produto, etc. Así, ITC.Ménsula converteuse nunha consultora especialista na xestión de destinos turísticos emerxentes.

Principales dificultades y amenazas futuras

A dificultade básica da nosa sociedade desde o comezo ata a actualidade é o financiamento. O crecemento da empresa está sempre condicionado polas capacidades financeiras, que marcan o ritmo dos avances.

- dificultades para atopar persoal cualificado neste sector en Galicia.

Perfil promotores

Os promotores, Roberto Sueiro e Sebastián Valverde, estudaron a carreira de Historia en Ourense. Tomaron a opción de crear unha empresa por ser a única opción entón viable para desenvolver as súas ideas en Galicia. Non cumpría unha gran capital, pero empezar con pouco significou ter que avanzar amodo, en función de como evolucionaba a capacidade de financiamento.

A combinación de capacidades de ambos os dous foi importante para crear e manter o proxecto no tempo. Creatividade, planificación, sistematización do traballo e habilidades comerciais son claves no día a día.

Aptitudes necesarias

- Creatividade.
- Confianza nun mesmo.
- Constancia.



Guía de Actividad

Xestión de patrimonio (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona Saír do desemprego

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, a do programa Lanza.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sen dúbida, pero ás escolas de negocios e consultoras que traballan no campo da formación empresarial quédalles a materia pendente de desenvolver máis amplamente os seus programas na formación de directivos de empresas de servizos.

Anecdotario

Non dispoñible.

